

# Opinión Hoxe

DE LETRAS E DE SIGNOS

## Cela máis preto



ANXO  
TARRÍO  
VARELA

Onte presentouse no local da fundación Caixa Galicia de Santiago o libro de Camilo José Cela *Retorno a Iria Flavia (Obra dispersa y olvidada, 1940-2001)* editado por Alvarellos baixo a responsabilidade intelectual de Olivia Rodríguez González, encargada da introdución, selección e notas con que se arroupa esta póstuma saída á luz de don Camilo o do premio. Por amabilidade do editor, dispoñía eu dende hai algúns días deste coidado volume no que se nos ofrece un Cela quizais insólito para moitos, máis tenro, humilde e próximo que o que adorábamos coñecer; e tamén un Cela que amosa a condición de poeta que el encadrelaba nesa prosa barroca que moito me parece querer agochar pudorosamente unha veta lírica que eu sempre apreciei nel, vaga e intuitivamente cando os seus libros *Viaje a la Alcarria* ou *Del Niño al Bidasoa* encheron un anaco da miña adolescencia, definitivamente cando hai dez anos lin a súa *Poesía completa* en edición do Círculo de Lectores con prólogo de José Ángel Valente.

Nunha tarde azul destes días sentei a ler os textos seleccionados e non me erguín até rematar a faena. Trátase de artigos exhumados da prensa ou de revistas, ensaios e discursos pouco difundidos, cartas e outras prosas "De varia re". Hai



Celbreiro

CEL. P. 1940-2001

algúns (poucos) escritos previsíbeis que non me causaron maior estralheza, pois se encadran no que eu xa esperaba. Pero hai outros que chamaron pola miña curiosidade e mesmo removeron un punto algúns prexuízos que eu gardaba acerca do escritor dun xeito acríctico e inconsciente. Polo de pronto, e non sei até qué punto foi disto tece-lán a recompiladora, hai unha liña transversal que percorre o libro de principio a fin dun xeito case diría eu que enternecedor. Trátase da presenza de Rosalía de Castro e da gran admiración que Cela sentiu pola padronesa. Unha e outra vez, Cela retoma ese fío, rendéndolle continuas homenaxes, mesmo como se estivese en débeda con ela por algunha escura razón.

Pero sorprendeume Cela, o pragmático e frío Cela, reflexionando sobre problemas concretos de Galicia, á que el quería próspera e moderna. Así, por exemplo, as atinadas consideración que no ano 1977, é dicir, en pleno fragor das discusións sobre este tema (recorden, "unha navallada para Galicia"), fixo sobre a oportunidade e necesidade de dar luz verde á construción dunha autoestrada: "Yo creo que a título de gallego, debo exponer mi pensamiento sobre el asunto con toda la frialdad y toda la objetividad posibles y pensando en el país y su amarga y mantenida circunstancia de pobreza, de incomprensión y de abandono". E o seu pensamento estaba totalmente a favor de trazar unha vía "de Norte-Sur, que partiendo de La Coruña y pasando por Santiago de Compostela y

Pontevedra llegue hasta Vigo, con ramales de no menor entidad a Lugo y a Orense". O tempo deulle a razón, e aínda estamos á espera de que se cumpra totalmente a última parte do seu *desideratum*. No mesmo artigo protestaba pola existencia de tres aeroportos no canto de un bo, o de Lavacolla, debidamente acondicionado, pois os da Coruña e Vigo, "no son dos aeropuertos, sino dos caprichos inoperantes y sanguinarios", "producto de una megalomanía de campanario". Eu, a este respecto, nin quito nin poño, pero aí queda iso, que poderíamos aplicar tamén á existencia de tres Universidades. Así mesmo, ¿quen o había pensar?! preocupouse Cela polo asunto das cuotas do leite galego e pronunciouse criticamente, con tino e intelixencia, contra a política de Bruxelas a este respecto.

Noutra orde de cousas, demostra en varias ocasión coñecer ben a poesía galega, pola que fai un claro percurso ao pronunciar unha conferencia sobre "La morriña en la literatura gallega". En fin, son interesantes as cartas a Risco, Otero, del Riego, Celso Emilio, pero non teño espazo para comentalas. A presentación do libro correu a cargo de Henrique Alvarellos, que explicou o proxecto, Olivia Rodríguez, que deu a coñecer os criterios da selección e a razón de ser do libro, e José Carlos Caneiro, coñecido novelista que falou do 'mestre' *ex abundantia cordis* e aproveitou para facer un alegato contra a rampone-ría de moita literatura actual. Pechou Marina Castaño, presidenta da Fundación Camilo José Cela e viúva do autor. ●